

# CONSELLO DA CULTURA GALEGA

## *PROPOSTA INSTITUCIONAL SOBRE A LINGUA GALEGA AO PARLAMENTO DE GALICIA*

1.

Segundo a Lei do Parlamento de Galicia que o creou, que pola súa vez desenvolve un mandato do Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 32), o Consello da Cultura Galega é un organismo oficial da nosa comunidade autónoma que ten como finalidade principal a defensa e promoción dos valores culturais galegos (Lei 8/1983, do 8 de xullo, art. 1º). Entre as competencias que lle atribúe a dita lei cóntanse a de “fomentar a lingua e a cultura galegas” (art. 6º, a) e a de “elevar aos poderes da Comunidade autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción” dos devanditos valores culturais (art. 6º, e).

Ante o intenso debate social e político que se está a producir en Galicia arredor das políticas relacionadas coa lingua galega, en exercicio da responsabilidade e das atribucións que a Lei lle confire, o Consello da Cultura aproba o presente memorando para a súa consideración por parte do Parlamento de Galicia, da Xunta e da opinión pública galega.

2.

O debate sobre as linguas en Galicia foise intensificando nos últimos anos e acabou derivando nunha controversia política e social envolveita nunha excesiva virulencia, e polo mesmo, ao noso entender, seriamente prexudicial para os intereses xerais do país. Sen dúbida, as discusións públicas son benvidas, como síntoma tanto da vitalidade da nosa democracia canto da preocupación, amplamente espallada na

nosa sociedade, sobre os camiños máis acaídos para ordenar a nosa convivencia, procurando un estatus de normalidade á lingua propia de Galicia, sen mingua dos dereitos dos cidadáns e cidadás que teñen como lingua habitual o castelán.

O que resulta negativo e ata pernicioso para o clima social, e particularmente para o idioma galego, é que os ditos debates dexeneren en polémicas irracionais, nas cales se chegan a poñer en cuestión as bases sobre as que se sustenta a nosa identidade e cohesión social, e incluso a propia lexitimidade das políticas de promoción do galego. En concreto, a asociación entre o idioma galego e a imposición, dunha banda, e o idioma castelán e a liberdade, da outra, resulta unha groseira falsificación da realidade que carece de toda base na historia, remota e recente, do noso país.

Estamos cabalmente convencidos de que o obxectivo de arranxar unha organización equitativa da nosa convivencia lingüística, claramente sinalado na nosa lexislación, non só é compatible cun esforzo sostido a prol da promoción do idioma galego como lingua propia de Galicia (tal como sinala o Estatuto de Autonomía), senón que o esixe, pois esta (a lingua galega) **precisa dun apoio especial para superar a súa posición actual de desvantaxe, resultado do maltrato que recibiu no pasado.** Aínda máis, temos a certeza de que a convivencia das dúas linguas oficiais de Galicia, galego e castelán, non é unha fonte de problemas e complicacións, **senón un potencial de fortaleza e de riqueza da nosa sociedade.**

O galego e o castelán son recursos valiosísimos para Galicia, e **a igualdade plena** entre eles constitúe un reto de futuro que debemos saber afrontar. Un reto inseparable da necesaria capacitación da poboación galega en linguas de difusión internacional, nomeadamente o inglés e o portugués, isto é, na difusión **da competencia plurilingüe** que vén esixida polas novas tendencias do mundo contemporáneo.

3.

O fomento dun clima de controversia social e de enfrontamento entre falantes dunha e outra lingua, o discurso da acusación e da sospeita constante contra o galego, deben ser substituídos por **unha atmosfera de debate sereno e informado e pola procura de acordos amplos que permitan restablecer unhas bases sólidas desde as que encarar un**

**desafío e un proceso históricos, como é o da recuperación do galego.** Será imposible avanzar cara a este obxectivo a base de improvisación e da imposición, de medidas que non contén cun amplo consenso político, social e institucional.

Somos conscientes de que o problema da lingua non se esgota nas medidas das institucións públicas nin no ámbito dos programas e debates políticos, senón que é **unha cuestión que atinxe á sociedade no seu conxunto.** Resulta indiscutible que a responsabilidade sobre a recuperación da lingua debe ser partillada polo conxunto do país. Dito isto, non deixa de ser certo que, tal como establece a lexislación vixente, os poderes públicos están investidos dunha responsabilidade especial. En particular, á Xunta de Galicia corresponde exercer o liderado dese proceso de recuperación e dignificación do idioma galego, como está inequivocamente plasmado nas nosas leis.

\* \* \*

4.

Ao entender do Consello da Cultura Galega, as liñas xerais da política lingüística en Galicia deben apoiarse nunhas bases firmes, que non son outras que **un amplo consenso social e político** –coma o que serviu de base para a aprobación no seu día da Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega–, e o **respecto ao conxunto da nosa lexislación lingüística básica**, en particular a devandita Lei de Normalización Lingüística. Nela queda asentado que o galego, como lingua propia de Galicia, é a que a representa politicamente. Será oportuno lembrar os artigos que constitúen o espiñazo desta Lei:

*Art. 1.-* “O galego é a lingua propia de Galicia.”

*Art. 4.-* “O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración Local e das Entidades Públicas dependentes da Comunidade Autónoma.”

*Art. 10.-* “Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.”

*Art. 12.-* “O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial en tódolos niveis educativos.”

*Art. 18.- “O galego será a lingua usual das emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos a xestión ou competencia das institucións da Comunidade Autónoma.”*

*Art. 20.- “Serán obrigas da Xunta de Galicia:*

1. Fomentar a produción, dobraxe, a subtitulación e exhibición de películas e outros medios audiovisuais en lingua galega.
2. Estimular as manifestacións culturais, representacións teatrais e os espectáculos feitos en lingua galega.
3. Contribuír ao fomento do libro en galego, con medidas que potencien a produción editorial e a súa difusión.”

En concreto, no ámbito do ensino, a Lei de Normalización Lingüística marca uns límites e uns obxectivos que necesariamente enmarcan a acción do goberno:

- a) os rapaces e rapazas teñen recoñecido o dereito á primeira escolarización e alfabetización na súa lingua materna (art. 13, 1)
- b) ao remataren os ciclos de ensino obrigatorio, os estudantes deben posuír unha competencia equiparable nos dous idiomas oficiais (art. 14,3)
- c) o alumnado non pode ser separado en centros nin aulas diferentes por razóns de lingua (só se admite a separación por aulas con carácter excepcional) (art. 13, 3)

En relación co Plan Xeral de Normalización Lingüística, o seu valor como punto de referencia queda de vulto ao ter en conta que foi aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia en 2004, gobernando o Partido Popular, e ratificado tamén por unanimidade en outubro de 2008, baixo un goberno de coalición PSdG-PSOE / BNG. Por tanto, foi aprobado en dúas ocasións por unanimidade, baixo gobernos de distinto signo político.

\* \* \*

5.

En consecuencia, o Consello da Cultura Galega, que desde a súa fundación vén realizando sucesivos informes e traballos sobre esta cuestión, considera necesario trasladar ás institucións e á opinión pública as seguintes consideracións:

A) **As liñas mestras da política lingüística en Galicia, e calquera modificación substantiva da normativa legal vixente, deben ser arroupadas por un amplo consenso político, social e institucional.** Un consenso necesario porque a lingua é unha cuestión que forma parte esencial da autonomía galega, e debe permanecer a resguardo dos vaivéns políticos e dos cambios de goberno.

B) **Calquera que sexa a orientación adoptada polos gobernos galegos no ámbito da política lingüística, en ningún caso se deben tomar medidas que supoñan pasos atrás no proceso de recuperación do galego como lingua propia de Galicia, co obxectivo de situalo en pé de igualdade co castelán.**

C) **Os responsables políticos en xeral e o goberno galego en particular deben impulsar un discurso público en que o idioma galego deixe de formularse en termos de problema e pase a comprenderse en termos de recurso ou activo social.** A coexistencia de dúas linguas oficiais en Galicia non é nin debe contemplarse como unha fonte de complicacións, senón como unha riqueza e unha oportunidade para o noso país, na medida en que **a posesión dunha lingua propia reforza a nosa identidade, nos socializa arredor dun proxecto común e nos sitúa perante o escenario da globalización e dos novos tempos,** co conseguinte valor económico, político e social.

D) **Na procura dunha política equilibradora da posición e da consideración social do galego, e como garantía da capacitación nel das novas xeracións, o goberno galego debe dispor dos recursos necesarios (económicos, tecnolóxicos e humanos) para o seu eficaz desenvolvemento. Estas actuacións non deben reducirse ao ámbito educativo (a pesar da súa importancia capital), senón que deben ir dirixidas ao conxunto da sociedade, procurando concitar a colaboración activa dos axentes civís. O funcionariado e o conxunto das institucións e servizos públicos deben estar suxeitos a especiais obrigas de capacitación e de uso do galego, en función dos dereitos que os cidadáns (os galegofalantes igual ca os castelanfalantes) teñen recoñecidos.**

6.

Á vista das consideracións devanditas, o Consello da Cultura Galega, en uso da facultade de asesoramento aos poderes públicos que a Lei da súa fundación lle atribúe, ACORDA, na súa sesión plenaria celebrada o día 17 de novembro de 2009, dirixirse ao Parlamento de Galicia, para propoñerlle que promova **a constitución dunha Comisión Parlamentaria que, oídas as institucións, colectivos e expertos que considere oportuno convocar** (e se así o require, co asesoramento do propio Consello da Cultura Galega), **elabore unha proposta de desenvolvemento consensuado do Plan Xeral de Normalización Lingüística**, proposta que deba elaborarse nos próximos meses e ter como horizonte de aplicación a presente lexislatura.

Ao tempo, o Consello da Cultura Galega fai un chamamento á intelixencia e á xenerosidade das formacións políticas, tanto no goberno coma na oposición en diferentes institucións, para unir vontades arredor dun valor social, o idioma propio, que debe ser sempre causa común e integradora, nunca motivo de discordia e confrontación.

*En Santiago de Compostela, a 17 de novembro de 2009*